

OCUPACIÓN HOTELEIRA

Análise nos destinos urbanos de Galicia

Setembro 2021

DESTINOS URBANOS DE GALICIA

Setembro 2021

	A Coruña	Ferrol	Santiago	Lugo	Ourense	Pontevedra	Vigo
Viaxeiros aloxados	40.704	5.273	81.544	15.330	13.338	11.911	33.315
Noites	84.533	14.083	147.368	25.864	21.688	21.027	75.605
Var. Int. Viax. 21/19	-7,0%	6,7%	-14,6%	-8,4%	-2,7%	-29,2%	-22,0%
Var. Int. Noites 21/19	-13,9%	17,1%	-11,8%	-17,6%	-7,0%	-34,2%	-17,4%
Estadía Media	2,08	2,67	1,81	1,69	1,63	1,77	2,27
Var. Int. EM 21/19	-7,4%	9,8%	3,3%	-10,1%	-4,4%	-7,0%	5,9%
% Ocupación	53,25%	54,87%	64,39%	52,79%	57,91%	53,99%	56,63%
Var. Int. Ocupac. 21/19	-8,18	11,46	-5,37	-8,75	-2,48	-27,27	-6,82
Prazas	5.238	853	7.412	1.626	1.245	1.294	4.398
Var. Int. Prazas 21/19	-0,7%	-7,5%	-5,9%	-4,0%	-1,8%	-1,1%	-7,4%





Notas




- No pasado mes de setembro os destinos urbanos de Galicia rexistran un importante nivel de demanda tendo en conta o contexto de pandemia actual e as circunstancias propia da quinta onda, consolidando a recuperación iniciada a partir da finalización do estado de alarma e do período de desescalada posterior aos primeiros meses do ano. Tal circunstancia é notoria, por exemplo, na cidade de Santiago que consolida o liderazgo do turismo urbano na comunidade logo dun período de cifras baixas.
- Así, neste último mes do verán Santiago consolídase como o principal destino urbano de Galicia, absorbindo o 38% do total das cidades –con máis de 147 mil noites-. Sitúanse a continuación A Coruña, con preto de 85 mil noites –destino que antes do verán absorbía a maior parte da demanda da comunidade-, e Vigo, con case 76 mil noites neste caso. Boa parte do turismo urbano concéntrase nestas tres cidades pois representan en conxunto preto do 80% das noites hoteleiras urbanas de Galicia –porcentaxe case equivalente á observada nos pasados meses de xullo e agosto-.

- O 20% restante concéntrase nas outras catro cidades sendo Ferrol o destino de menor volume e peso neste mes de setembro –absorbe o 3,6% do total urbano-.
- En termos dinámicos obsérvase neste período un comportamento relativamente homoxéneo no sentido de que todos os destinos superan os niveis do pasado ano –en porcentaxes importantes aínda que variables, destacando sobre todo os incrementos rexistrados en Compostela que case triplican a cifra de setembro de 2020- e ao mesmo tempo todos fican por debaixo dos niveis de 2019. A única excepción obsérvase na cidade de Ferrol, destino que non só mellora os datos de 2020 senón tamén os de 2019 –previos á pandemia-, nun 17,1% -acadando con isto o nivel de demanda máis alto de cando menos os últimos sete anos-.
- A evolución da demanda nos destinos urbanos acontece en todo caso con certas diferenzas en termos de intensidade. Neste sentido, e tomando como referencia os niveis anteriores á crise, os niveis de recuperación varían entre as cidades marcando mellor comportamento Ourense –consegue situarse por encima do 90% da demanda de 2019- fronte aos restantes destinos. O nivel de recuperación supera o 85% en A Coruña e Santiago, fica próximo ao 80% en Lugo e Vigo e descende ao 65% en Pontevedra –destino que neste mes se mantén máis lonxe dos niveis previos á crise-.
- A mellora dos datos respecto do pasado ano amosa tamén diferenzas de intensidade. O incremento é máis notorio en Santiago –case triplica os valores de 2020 grazas ao incremento paralelo da cifra de viaxeiros aloxados-, e en A Coruña e Lugo –que dobran as cifras do pasado ano-. No lado contrario é Ferrol o destino que presenta ata o de agora unha inercia menos volátil, máis pausada, cun incremento do 19% sobre as cifras de setembro de 2020 –tal circunstancia débese en parte a que Ferrol sufriu en menor medida os embates da crise, de aí que a diferenza cos valores do ano pasado sexa inferior á dos restantes destinos-.
- O turismo nacional é maioritario en todas as cidades, en porcentaxes que van do 68% en Santiago ao 92% en Ourense. Neste ano 2021, tanto agora en setembro coma nos oito meses anteriores, o turismo internacional apenas ten presenza na nosa comunidade e, en consecuencia, nos destinos urbanos. Sen embargo, apréciase certa diferenza entre Santiago e as restantes cidades agora en setembro, pois a presenza do mercado estranxeiro xa supera o 30% da demanda de Compostela, cifra máis próxima ao habitual na cidade que ao que se viña observando nestes últimos meses de pandemia. En Pontevedra e Vigo acadan tamén un peso moi razoable, do contorno do 25% do total.
- Setembro sempre foi un mes no que, en Santiago, o mercado internacional superaba en volume e peso ao nacional. Tal circunstancia rompeuse en 2020, por mor da pandemia, e mantense agora en 2021 como consecuencia das distintas velocidades de recuperación en ambos mercados.
- En liña co que se viña observando nos últimos meses apréciase mellor comportamento relativo do turismo nacional fronte ao internacional en todas as cidades de Galicia, sendo que ambos presentan variacións dispares. Tomando como referencia os niveis previos á crise o mercado nacional supera, no conxunto dos destinos urbanos, non só os niveis de 2020 senón tamén os de 2019 –nun 6,3%- con mellor comportamento en Ferrol, Santiago e Ourense - que conseguen situarse por encima dos valores previos á pandemia- fronte ás restantes cidades que fican por debaixo, pero moi preto, das cifras de setembro de 2019.

- O mercado internacional, en cambio, apenas supera o 50% da demanda de setembro de 2019 –para o conxunto dos destinos urbanos- porcentaxe que oscila entre o 40% de recuperación en Ourense a algo máis do 60% en Vigo. Neste punto marca excepción a cidade de Ferrol, que consegue mesmo mellorar as cifras previas á pandemia, superando nun 2,7% o nivel de turismo internacional de 2019.
- Neste contexto marca diferenza a cidade de Santiago pois o incremento rexistrado colócaa en máximos históricos de demanda nacional no mes de setembro, con máis de 100 mil noites. Acontece isto por terceira vez consecutiva pero contraponse en boa medida ao observado durante a pandemia, e permite a Compostela liderar o turismo urbano nacional en Galicia con niveis nunca vistos. En Ferrol e Ourense o comportamento é tamén notorio non tanto pola intensidade senón pola dinámica positiva que presentan ambos mercados, superando o turismo nacional as cifras de 2019 nun 21,0% e 6,3%, respectivamente. Ambas cidades rexistran tamén neste ano máximos históricos de demanda nacional no mes de setembro, con máis de 11 mil noites a primeira e preto de 20 mil noites a segunda.
- A estadia media varía nas diferentes cidades de Galicia marcando o valor máis elevado Ferrol, con 2,7 noites. Sítúanse tamén por encima das dúas noites Vigo –concretamente 2,3 noites- e A Coruña –con case 2,1 noites- mentres que as restantes cidades fican con valores máis baixos, inferiores ás dúas noites. Ourense marca o dato máis baixo con pouco máis de 1,6 noites neste noveno mes do ano.
- A estadia media non presenta variacións moi significativas nas cidades de Galicia agás nos casos de Ferrol –onde cae nun 11%- e Lugo –destino no que sobe un 9%-.
- A capacidade de recuperación dos destinos urbanos apréciase tamén no lado da oferta de aloxamento mais con diferenzas entre as cidades. Neste sentido tres delas superan o nivel de oferta do pasado ano –A Coruña, Santiago e Lugo- mentres que as catro restantes fican en niveis parellos –caso de Ourense e Pontevedra- ou inferiores –caso de Ferrol-. En comparación co ano 2019 o nivel de recuperación da oferta de aloxamento supera o 90% en todas as cidades, con mellor comportamento en A Coruña –que se achega aos niveis previos á crise-.
- O bo comportamento da demanda leva a melloras notables dos niveis de ocupación en relación ao observado no pasado ano 2020. Os incrementos son xeneralizados e só varían en intensidade, sendo máis elevados en Santiago –onde se rexistra unha suba de 39 puntos- e menos acusados en Ferrol –cunha mellora neste caso de 16 puntos-.
- Con todo, as cifras de ocupación seguen por debaixo dos niveis acadados en 2019 se ben as diferenzas entre destinos son importantes. Marca a excepción Ferrol, que consegue superar en máis de once puntos a cifra previa á pandemia e marcar un máximo da serie histórica cun 54,9% de ocupación media. En Ourense os niveis de ocupación achéganse aos niveis de 2019 mentres que nas restantes cidades as diferenzas son maiores –de cinco puntos en Santiago, de case sete puntos en Vigo, do contorno dos oito puntos en A Coruña e Lugo e, marcando distancia, de máis de 27 puntos en Pontevedra-.
- Cun 64,4% de ocupación media Santiago marca a porcentaxe máis elevada dos destinos urbanos de Galicia neste último mes do verán. As restantes cidades rexistran valores parellos, de máis do 50%, sendo maior en Ourense –cun 57,9%- e menor en Lugo -cun 52,8% neste caso-.

- As tarifas hoteleiras superan os 80 euros de media en Santiago ficando as restantes cidades en niveis inferiores –de 66 euros en Vigo, de 61 euros en A Coruña, e por debaixo dos 60 euros en Lugo e Ourense-. Os prezos medios subiron en todas as cidades, cun incremento máis notorio en Compostela –do 40%- e máis suave en Ourense –do 6% neste caso-. Melloran tamén os niveis de 2019 agás no caso de A Coruña, que fica cunhas tarifas medias inferiores ás de hai dous anos.
- O bo comportamento da demanda acontecido ademais nun contexto de incremento das tarifas hoteleiras leva a melloras importantes da rendibilidade hoteleira nas cidades de Galicia. En todas elas se superan as cifras do pasado ano, en porcentaxes variables pero importantes –no caso de Santiago o crecemento supera case en catro veces o valor de 2020- que permiten achegarse aos 60 euros de ingreso medio por habitación dispoñible en Santiago e superar os 45 euros en Vigo. Lugo rexistra, en cambio, a cifra máis baixa con 34,3 euros de ingreso medio por habitación dispoñible.
- Lugo e Ourense conseguen situarse en niveis de rendibilidade superiores aos de 2019 –con maior intensidade esta última- mentres que, no lado contrario, A Coruña marca maior distancia co valor previo á pandemia –recupera tres cuartas partes do nivel medio de rendibilidade de setembro de 2019-.

Demanda hoteleira nos destinos urbanos de Galicia. Noites, setembro 2021

Variación da demanda turística nas cidades. Noites setembro 2021/19

Estadía media hoteleira nas cidades de Galicia. Setembro 2021

Nivel de ocupación e variación interanual. Setembro 2021


Peso dos mercados nacional e internacional. Noites, setembro 2021

Variación demanda turística, por procedencia. Noites, setembro 2021/19

ADR hoteleiro nos destinos urbanos. Setembro 2021

RevPAR hoteleiro nos destinos urbanos. Setembro 2021
